

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

EXTRACTO da Orde do 3 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo e se convocan axudas para o ano 2021 (código de procedemento MT815A).

BDNS (Identif.): 552787.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/inditex>):

Primeiro. Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias as persoas titulares de explotacións gandeiras que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

Segundo. Obxecto

Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas destinadas a compensar as persoas titulares de explotacións gandeiras polos danos ocasionados polo oso pardo, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento MT815A).

Terceiro. Bases reguladoras e convocatoria

Orde do 3 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo e se convocan axudas para o ano 2021 (código de procedemento MT815A).

Cuarto. Contía

O importe asignado é de sesenta mil euros (60.000,00 €), sen prexuízo do incremento orzamentario que se poida realizar con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

CVE-DOG: elk52xa4-es01-m4e1-8cb4-ny9vqvgoznm0



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Os prazos de presentación da solicitude de axuda serán os seguintes:

a) Para os danos que fosen comunicados aos servizos de Patrimonio Natural das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data de publicación desta orde, o prazo de presentación será dun mes contado a partir da entrada en vigor desta orde.

b) Para os danos ocasionados desde a entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación será dun mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano.

Sexto. *Outros datos*

As axudas a que se refire esta orde comprenden os danos ocasionados polo oso pardo que se produzan desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 30 de setembro de 2021.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2021

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CVE-DOG: elk52xa4-es01-m4e1-8cb4-ny9vqvgoznm0

